



Concello de Gondomar

DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 911/2023

Memoria Xustificativa: CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA OBRA “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA/PROVIDENCIA DE INICIO

1. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do contrato a obra de **“INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS”** conforme se describen no proxecto redactado polo arquitecto D. Pablo Muíños Pazos aprobado por Decreto da Alcaldía en data 11.06.2024.

As necesidades administrativas a satisfacer veñen determinadas polo feito de que o Campo de fútbol en uso dispón dun terreo de xogo de céspede natural en mal estado. Existe un sistema de iluminación obsoleto e de moi baixa eficiencia alumínica y enerxética. O sistema de rego non se atopa en bo estado nin funciona correctamente.

Proxectase a eliminación do céspede natural existente e a instalación dun terreo de xogo de céspede artificial de última xeración incluídas a base e a subbase. Realizarase unha nova instalación de rego mediante aspersorios. Así mesmo, propónse un desprazamento do terreo de xogo cara o oeste 1,5 m para afastar a liña de banda dos vestiarios e ampliar a zona de seguridade perimetral do campo. Propónse a creación de dúas zonas exteriores de quecemento na banda sureste e no fondo sur. A superficie de intervención de 7162 m² aproximadamente.

As necesidades a satisfacer mediante a tramitación, adxudicación e execución do presente contrato están dentro dos fins institucionais deste Concello, en virtude do previsto no art. 25.2. I) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local.

Todo elo con suxeición ao Proxecto Técnico, integrado polos documentos enumerados no artigo 233 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

O conxunto de documentos que compoñen o proxecto considérase que forman parte integrante del Prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

2. Análise Económica

O valor estimado do contrato tense en conta para elixir o procedemento de

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

adxudicación aplicable nesta licitación. O valor estimado do contrato ascende a 330.364,186 euros.

O orzamento base de licitación é de 330.364,186 euros, máis o IVE por importe de 69.376,479 euros, o que fai un total de 399.740,665 euros.

3. Análise do Procedemento

3.a. Xustificación do procedemento

Utilízase o procedemento negociado sen publicidade de acordo co establecido no artigo 168 a) 1 da LCSP “No se haya presentado ninguna oferta”. Mediante Decreto de alcaldía 2024-1221 de fecha 29.07.2024, se resolvió: “Declarar desierto el expediente de adjudicación para la “INSTALACIÓN DE CÉSPED ARTIFICIAL Y MEJORAS EN EL CAMPO DE FÚTBOL AS GAIANDAS” mediante procedimiento abierto con varios criterios, al no haber concurrido ningún licitador.”

3.b. Análise de execución por lotes

De acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o obxecto do contrato non permite a realización independente de cada unha das súas partes mediante a división en lotes, motivándose no feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulta a súa correcta execución desde o punto de vista técnico e operativo o que poñería en risco a correcta execución do contrato, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que se ve imposibilitada se se divide en lotes e a súa execución realizácese por unha pluralidade de contratistas diferentes.

3.c. Insuficiencia de medios

Á vista do cadro de persoal municipal, este Concello non conta con medios nin recursos propios que poidan satisfacer o obxecto deste contrato.

3.d. Criterios de solvencia

Os criterios de solvencia económica e financeira e técnica e profesional esixidos aos licitadores son conformes co establecido nos artigos 87 e 88 da LCSP, e ademais son proporcionais ao orzamento de licitación do contrato.

3.e. Criterios de adxudicación

Para a valoración das ofertas e a determinación da mellor oferta relación calidade-prezo, atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

A.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE XUIZOS DE VALOR: 48

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

PUNTOS

12.B.1) Plan de control de calidade: de 0 a 9 puntos

A oferta conterá, de forma xustificada, a proposta programada do control de calidade que a empresa vaia a desenvolver durante a execución das obras, relativa, entre outros aspectos ao:

- Control de calidade nos materiais para empregar
- Control de calidade nos métodos de execución das distintas unidades de obra
- Control de calidade nas probas finais
- Calquera outro elemento, método ou proceso de control que o contratista considere oportuno incluír dentro do control de calidade.

O contido do plan axustarase ás características, natureza e importe da obra.

Para os efectos previstos no apartado anterior o contratista indicará para cada un dos aspectos do control de calidade:

- a) Medios propios ou externos: o licitador indicará se levará a cabo o control de calidade con persoal propio ou con empresas externas especializadas en control de calidade
- b) Sistemas de control: O contratista deberá especificar o sistema de controis e ensaios que a empresa se compromete a realizar na obra, en consonancia co programa de control ofertado.

Neste sentido deberanse incluír os seguintes documentos:

- Fichas de control en materiais e procesos: criterios de aceptación, rexeitamento e corrección
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable do control de calidade en obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras no control de calidade, no seu caso

Este apartado deberá desenvolverse nun máximo de 10 páxinas en formato DIN -A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10, tendo un entreliñado sinxelo. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior dobrado a DIN A4 (páx. incluídas límite).

Este programa terá carácter contractual para o adxudicatario e o seu incumprimento considerarase incumprimento de obrigação esencial para os efectos dispostos no art. 211.1. f LCSP. Con todo, o órgano de contratación poderá optar pola imposición de penalidades nos termos da cláusula 33 do presente prego. A dirección de obra poderá solicitar en calquera momento todos os informes e cálculos, derivados deste programa de control interno de calidade.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

12.B.2. Programa de traballo: de 0 a 20 puntos

Neste apartado os licitadores deberán incluír:

12.B.2.1. Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta:

- o coñecemento real das obras
- a organización física da obra: distribución das casetas de obra, contedores, provisións, guindastres e outra maquinaria
- circulacións na zona durante os traballos, peonís e motorizadas, posibles interferencias coas vías de circulación actuais, desvíos provisionais, etc. ■
 - a análise técnica da execución da totalidade da obra
- a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen
- sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra
- diagrama da estrutura técnico - administrativa responsable da execución
- listado de medios humanos e maquinaria a utilizar na obra
- a calidade de materiais a empregar, incluíndo listado das empresas subministradoras materiais e subcontratadas

12.B.2.2. Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figuren os importes mensuais de certificación por capítulos, segundo os prezos do orzamento do proxecto.

O plan de obra deberá estar xustificado, expoñendo as bases nas que se fundamenta, os equipos humanos e medios técnicos adscritos ás actividades e os seus rendementos medios previstos.

Ambos os documentos (Memoria explicativa e Gráfico da execución) desenvolveranse nun máximo total de 10 páxinas cun tamaño de fonte non inferior a 10 e cun entreliñado sinxelo. O formato das páxinas será DIN A4, os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior dobrado a DIN A4 (páx. incluídas límite).

Calquera referencia neste gráfico a importes ou prazos de execución distintos do orzamento de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

12.B.3 Programa de actuación ambiental: de 0 a 9 puntos

Deberanse definir as medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución de obra e en especial as referidas a:

- Reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais.
- Rexeneración de espazos

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

- Identificación das unidades de obra e/o dos procesos construtivos que poidan xerar impactos, medidas de prevención/corrección e seguimento das mesmas
- Indicación de entulleiras autorizadas onde se van a trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derribas.
- Compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art. 4.c do R.D. 105/2008.
- Medidas de aforro enerxético

A documentación anterior irá acompañada de:

- Plano de ordenación dos contedores sobre a parcela
- Plano de situación de entulleiras e puntos limpos a utilizar durante a obra
- Diagrama da estrutura técnico-administrativa responsable da actuación ambiental
- Copias dos certificados de xestión ambiental de que dispoña a empresa
- Copias dos certificados de adecuación ambiental dos materiais para empregar en obra
- Compromiso das empresas externas colaboradoras en materia ambiental, no seu caso

Este apartado deberá desenvolverse nun máximo de 10 páxinas en formato DIN-A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10, tendo un entreliñado sinxelo. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior dobrado a DIN A4 (páx. incluídas límite).

12.B.4.) Esquema do plan de seguridade e saúde: de 0 a 10 puntos

As ofertas deberán incluír un esquema do plan de seguridade e saúde no traballo que haberá de seguirse durante a execución da obra, en aplicación do estudo de seguridade e saúde.

No citado esquema detallaranse:

- Medidas de prevención a adoptar
- Sistemas de seguimento e control de aplicación do plan
- Oferta de melloras de índole técnica
- A adecuación da organización establecida para prevención de riscos laborais e seguridade
- A realización dunha análise das posibles emerxencias e a suficiencia das medidas adoptadas.
- A acreditación dalgún tipo de auditoría periódica respecto a os resultados en materia de seguridade e saúde

Este apartado deberá desenvolverse nun máximo de 5 páxinas en formato DIN -A4, cun tamaño de fonte non inferior a 10, tendo un

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

entrelíñado sinxelo. Os planos e gráficos poderán desenvolverse, ao obxecto de ser facilmente lexibles e interpretables, nun formato maior dobrado a DIN A4 (páx. incluídas límite).

En cada apartado non se avaliará aquela documentación que exceda do número de páxinas máximo indicado, avaliando unicamente as primeiras páxinas ata o límite establecido. Unicamente poderanse presentar en formato superior a DIN-A4 planos e gráficos.

A.1) CRITERIOS DE AVALIACIÓN MEDIANTE FÓRMULAS: 52 puntos

Conterá a proposición económica e referencias valorables automaticamente formulada estritamente conforme o modelo que figura como anexo II deste prego, que recolle entre outros os seguintes apartados:

12.C.1.- Oferta económica de, de 0 a 22 puntos

Para a valoración das ofertas utilizarase a seguinte fórmula:

$$P = 22 * (1 - 0,6Bi)$$

sendo:

P = Puntuación a outorgar á oferta que se valora.

Bi = Porcentaxe (%) de baixa da oferta que se valora (prezo licitación menos prezo ofertado entre prezo de licitación en tanto por cento).

As ofertas que igualen o Prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos.

Para o cálculo utilizaranse números de dous decimais, aplicando os redondeos que procedan por exceso ou por defecto.

12.C.2.- Equipo técnico ata 15 puntos.

Na composición do equipo técnico dispoñible que forme parte do persoal da empresa licitante:

Valorándose en 7,5 puntos cada enxeñeiro/a técnico ou superior ou arquitecto técnico ou superior que se oferte a maiores respecto do persoal mínimo esixido como solvencia técnica da seguinte maneira

Un/unha (1) :enxeñeiro/a técnico ou superior competente na materia obxecto do contrato ou arquitecto/a técnico ou superior 7,5 puntos.

Dous (2): enxeñeiros/a técnicos competentes na materia obxecto do contrato ou superiores ou arquitectos/as técnicos ou superiores: 15 puntos.

12.C.3. Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo fixado (1 ano)ata 15 puntos

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875





Concello de Gondomar

| Ampliación do prazo de garantía sobre o mínimo fixado (1 ano) | Puntos |
|---|--------|
| Nun ano a maiores | 3 |
| En 2 anos a maiores | 6 |
| En 3 anos a maiores | 9 |
| En 4 anos a maiores | 12 |
| En 5 anos maiores | 15 |

3.f.- Duración

O prazo xeral de execución do contrato será de **10 SEMANAS**, a contar dende o día seguinte á data na que se realice a acta de comprobación do replanteo.

3.g.- Órgano competente.

O órgano competente para a aprobación do expediente de contratación de acordo coa DAd. 2ª da LCSP é o Alcalde, se ben dita competencia está delegada na Xunta de Goberno Local en base a resolución de Alcaldía de delegación de competencias de data 5 de xullo de 2019.

Neste senso, o art. 116.1 da LCSP, establece que.- “La celebración de contratos por parte de las Administraciones Públicas requerirá la previa tramitación del correspondiente expediente, que se iniciará por el órgano de contratación motivando la necesidad del contrato en los términos previstos en el artículo 28 de esta Ley y que deberá ser publicado en el perfil de contratante.”

RESOLUCIÓN:

En base as consideracións expostas **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia para este asunto por circunstancias de urxencia, delegadas na Xunta de Goberno Local, mediante resolución do 26 de xullo do 2023.

Segundo.- Aprobar e publicar esta memoria xustificativa/providencia de inicio do expediente de contratación no perfil do contratante de acordo co artigo 63.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O manda e asina dixitalmente o Sr. alcalde, Paco Ferreira González, na data que se consigna na marxe e do que eu, como secretaria, dou fe.

Concello de Gondomar

Praza Doctor Latino Salgueiro, 1, Gondomar. 36380 (Pontevedra). Tfno. 986360125. Fax: 986360875

